

1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

Tendo en conta a Orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, e considerando o indicado nos seus capítulo III sobre a avaliación na ESO e a disposición derradeira primeira, este departamento de filosofía establece que: Os alumnos e alumnas deben de superar todos os estándares de aprendizaxe, segundo os mínimos establecidos nesta programación, para poder acadar unha cualificación positiva. Para obter a cualificación este departamento procederá do seguinte xeito:

A nota de cada avaliación trimestral obterase a partir de:

➤ **Valores Éticos de 2º de ESO:**

- Proba escrita: representará o 60% da nota final da avaliación
- Participación nas actividades propostas: representará o 20% da nota da avaliación.
- Participación activa na aula: representará o 20%.

➤ **Valores Éticos de 3º de ESO (PROENS):**

Instrumentos de avaliación	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total programación
Pesos das unidades didácticas (%)	16	20	16	16	16	16	100
Proba escrita	0	0	0	0	0	0	0
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

ao final de cada avaliación teranse en conta dúas porcentaxes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, reflexións persoais no caderno individual, comentarios de texto...), suporá o 50 % da cualificación global (ata 5 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre) Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores dos contidos traballados e tarefas realizadas dos mesmos.

2. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 50%.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

A nota final na materia será a media aritmética das tres avaliacións. Para poder realizar esta media o alumno ou alumna terá que ter acadado unha puntuación mínima de 5 en cada unha das avaliacións.

Criterios de recuperación: Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aqueles traballos que non acaden un mínimo dun 5.

Aquel alumnado que, realizada as diferentes tarefas de recuperación non obtiveran unha cualificación mínima de 5 puntos, terán que entregar novamente as tarefas corrixidas daquelas avaliacións non superadas, na última semana de curso, antes da avaliación final.

A nota final deste alumnado corresponderá á media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións e/ou a nota obtida na recuperación final das avaliacións non superadas. Se acada un mínimo de 5 puntos, superará a materia. Dita nota corresponderase coa nota da avaliación final.

➤ **Valores Éticos de 4º de ESO:**

- Proba escrita: representará o 60% da nota final da avaliación
- Participación nas actividades propostas: representará o 20% da nota da avaliación.
- Participación activa na aula: representará o 20%.

➤ **Filosofía de 4º de ESO:**

- Proba escrita: representará o 80% da nota final da avaliación
- Participación nas actividades propostas: representará o 20% da nota da avaliación.

➤ **Filosofía 1º de bacharelato (PROENS):**

Instrumentos de avaliación	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total programación
Pesos das unidades didácticas (%)	11	11	12	12	8	12	12	12	10	100
Proba escrita	30	33	34	34	0	34	20	25	34	28
Táboa de indicadores	70	67	66	66	100	66	80	75	66	72

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral...), suporá o 65 % da cualificación global (ata 6,5 puntos, media aritmética de dúas probas, se é posible, por trimestre). Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.

2. Os traballos que se propoñan, que se avaliarán como proba escrita ou táboa de indicadores suporán un 25% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.

3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.

4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos na aula virtual) servirán para redondear ou/subir a nota.

Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual

ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación: O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación ao alumnado.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

➤ **Antropoloxía 1º de bacharelato (PROENS):**

Instrumentos de avaliación	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total programación
Pesos das unidades didácticas (%)	10	20	20	20	30	100
Proba escrita	0	0	0	0	0	0
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Os criterios de cualificación son os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (comentario de texto, composición, argumentación escrita...), suporá o 40 % da cualificación global (ata 4 puntos, media aritmética se se fan dúas probas por trimestre) Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.

2. Os traballos en grupo que se propoñan que se avaliarán como proba escrita ou táboa de indicadores suporán un 40% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.

3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 20%.

4. Actividades voluntarias (aula virtual, lecturas...) para redondear ou subir a nota.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Criterios de recuperación: O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado Borrador final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

➤ **Historia da Filosofía de 2º de bacharelato:**

- Proba escrita: representará o 90% da nota final da avaliación
- Participación nas actividades propostas: representará o 10% da nota da avaliación.

➤ **Psicoloxía de 2º de bacharelato:**

- Proba escrita: representará o 80% da nota final da avaliación

- Participación nas actividades propostas: representará o 10% da nota da avaliación.
- Traballo de investigación: representará o 10%

A cualificación mínima para superar as materias deste departamento na **etapa de ESO** é de 5 puntos. No caso de non obter esta cualificación na avaliación trimestral, realizarase unha proba escrita de recuperación ao longo da seguinte avaliación. Dita recuperación, na terceira avaliación, realizarase antes do 6 de xuño.

Ao rematar a terceira avaliación farase unha media aritmética das tres notas obtidas nas tres avaliacións. Se tal nota final é como mínimo un 5, o alumno/a superará a materia. Este alumnado coa materia superada terá que seguir no centro educativo ata o día 22 de xuño, día que remata o curso escolar, e realizarán actividades de ampliación sobre os contidos da materia que servirán de apoio sobre todo o impartido e axudarán a observar e dar máis sentido ao contido como continuidade para o vindeiro curso. Ditas actividades de ampliación, de ser positivas, poderá supor o aumento na súa cualificación final de ata 1 punto.

O alumnado de ESO que non obtivera unha cualificación mínima de 5 puntos, tras realizar a media das tres avaliacións, terá que realizar, dende o período que abrangue dende o remate da 3ª avaliación e o 22 de xuño, actividades de reforzo sobre os contidos non superados da materia. Este alumnado de 2º e 4º de ESO, ademais das actividades de reforzo, realizarán unha proba onde se constatará o aproveitamento de ditas tarefas de reforzo, a adquisición e o logro das competencias, obxectivos e estándares de aprendizaxe da materia, e, deste xeito, superar positivamente a materia, cunha cualificación positiva na avaliación final.

En canto ao alumnado de **2º de bacharelato**, a cualificación mínima para superar as materias de Historia da Filosofía e Psicoloxía é de 5 puntos. No caso de non obter esta cualificación na avaliación trimestral, realizarase unha proba escrita de recuperación.

Ao final do curso, farase unha media aritmética das tres notas obtidas nas tres avaliacións (nas avaliacións ou na recuperación das mesmas). Se tal nota final é como mínimo un 5, o alumno/a superará a materia.

Previamente a avaliación ordinaria, realizarase unha recuperación final, presentándose só coa avaliación ou avaliacións suspensas. Se recupera nesta proba a parte ou partes que tiña suspenso, o alumno/ aproba a materia.

O alumnado que suspenda esta recuperación final terá que presentarse á recuperación extraordinaria con toda a materia de todo o curso.

Ademais, en todas as materias incluídas dentro do departamento de filosofía, terase en conta o uso correcto das normas ortográficas, polo que se baixará ata un máximo de 1 punto da nota da global de cada avaliación. Baixarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometida polo alumno/a.

ADDENDA DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Publicada a Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario para o curso 2022/23, tendo en conta o indicado no seu punto un, tendo en conta o redactado no documento “Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización do final de curso 2022-2023 para as etapas de ESO e de bacharelato, este departamento de filosofía procede a realizar modificacións dos seguintes parágrafos do punto 7 “Criterios sobre a avaliación e a cualificación” na súa programación anual para axustarse ao indicado en dita Orde:

*“A cualificación mínima para superar as materias deste departamento na **etapa de ESO** é de 5 puntos. No caso de non obter esta cualificación na avaliación trimestral, realizarase unha proba escrita de recuperación ao longo da seguinte avaliación. Dita recuperación, na terceira avaliación, realizarase antes do 6 de xuño.*

Ao rematar a terceira avaliación farase unha media aritmética das tres notas obtidas nas tres avaliacións. Se tal nota final é como mínimo un 5, o alumno/a superará a materia. Este alumnado coa materia superada terá que seguir no centro educativo ata o día 22 de xuño, día que remata o curso escolar, e realizarán actividades de ampliación sobre os contidos da materia que servirán de apoio sobre todo o impartido e axudarán a observar e dar máis sentido ao contido como continuidade para o vindeiro curso. Ditas actividades de

ampliación, de ser positivas, poderá supor o aumento na súa cualificación final de ata 1 punto.

O alumnado de ESO que non obtivera unha cualificación mínima de 5 puntos, tras realizar a media das tres avaliacións, terá que realizar, dende o período que abrangue dende o remate da 3ª avaliación e o 22 de xuño, actividades de reforzo sobre os contidos non superados da materia. Este alumnado de 2º e 4º de ESO, ademais das actividades de reforzo, realizarán unha proba onde se constatará o aproveitamento de ditas tarefas de reforzo, a adquisición e o logro das competencias, obxectivos e estándares de aprendizaxe da materia, e, deste xeito, superar positivamente a materia, cunha cualificación positiva na avaliación final.”,

quedando redactado do seguinte xeito:

A cualificación mínima para superar as materias deste departamento na **etapa de ESO** é de 5 puntos. No caso de non obter esta cualificación na avaliación trimestral, realizarase unha proba escrita de recuperación ao longo da seguinte avaliación. Dita recuperación, na terceira avaliación, realizarase antes do 22 de xuño.

Ao rematar a terceira avaliación farase unha media aritmética das tres notas obtidas nas tres avaliacións. Se tal nota final é como mínimo un 5, o alumno/a superará a materia. Dita nota será a nota final da materia.

O alumnado de ESO que non obtivera unha cualificación mínima de 5 puntos, tras realizar a media das tres avaliacións, terá que realizar, previsiblemente na última semana, antes do 22 de xuño, unha proba escrita de recuperación daquelas avaliacións (primeira e/ou segunda e/ou terceira avaliación) que teña sen superar. Realizadas as probas escritas de recuperación farase novamente unha media aritmética da nota obtida en dita proba escrita xunto coas nota(s) obtida(s) nas avaliacións superadas. Se tal nota é como mínimo un 5, o alumno/a terá a materia superada. Dita nota será a nota final da materia.